



Concello de Vigo

ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

14.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SALVATERRA. EXPTE. 441/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do secretario da mesa de contratación, do 30.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	Total
CONTRATAS Y CALZADAS	107,84 €
GCM	103,25 €
JSTOP	98,31 €
C.ALDASA	93,98 €
ORECO	92,00 €
HIDROSCIVIL	91,00 €
ORESA	89,93 €
AGRUPCONSA	89,40 €
PARAXE	88,61 €
CONSTR. CANOSA	88,00 €
HNOS. MALVAR	87,99 €
PLYGEPE	84,24 €
ALVAC	83,15 €
CONST, OBRAS E VIAIS	83,00 €
ROYMER	79,74 €
CONSTR. CRESPO	77,54 €
GRUPO CONSTRUNOR	76,31 €
CONST. VALE	72,50 €
CONST. REY SOLLA	72,18 €
TERRAUGA	72,05 €
ANXISENA	68,38 €
GEO, S.L.	41,39 €
CASA MAESTRA	41,00 €
SERCOYSA	28,73 €
FOMENTO ARIDOS Y OBRAS	28,73 €

Segundo.-Excluir do presente procedemento as mercantís JSTOP, PLYGEPE, Covsa, Contratas y Calzadas, Roymer, Canosa, Alvac e GCM Construcciones Técnicas por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, C. Aldasa S.L.U., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, C. Aldasa S.L.U. o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 643,30 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

Este acordo foi notificado ó citado licitador o día 23 de decembro de 2010, que presenta a documentación requirida en data 23 de decembro de 2010, dentro do prazo sinalado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) impón ó órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 135.4 LCSP).



Concello de Vigo

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas, circunstancias que concorren no presente caso.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar á mercantil ALDASA, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SALVATERRA (EXPTE. 441-440) por un prezo total de 191.646 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de decembro do ano dous mil dez.

lp

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.

OS DOCUMENTOS, QUE MOTIVARON O PRESENTE ACORDO/RESOLUCIÓN NON FORON OBTIDOS DO RECEP- TIVO EN ALTE DE FISCALIZACIÓN PREVIA POR NON TER SIDO SOMETIDOS Á INTERVENCIÓN CRÍTICA DESTA ORGANO DE FISCALIZACIÓN, SENDO O ÓRGANO COMPETENTE E EXISTINDO CREDITO ORZAAMENTARIO ADECUADO E SUFICIENTE PROCEDE A SÚA TOMA DE RAZÓN CONTABLE.

Vigo, de de
O INTERVENTOR XERAL

Asdo: Juan Ramón González Carnero

JUAN RAMÓN GONZÁLEZ CARNERO

